






Xuño 2011



Revista
escolar
Centro Público Integrado
O CRUCE
Cereda
A Coruña

CONTIDO

LETRAS GALEGAS	3		
LOIS PEREIRO	4		
ACTUALIDADE	5-7		
<i>Catástrofe en Xapón</i>	5	CULTURA	13-22
<i>Mil grúas por Xapón</i>	6	<i>Fomos ao teatro!</i>	13,14
<i>Gala contra o cancro</i>	7	<i>Entrevista a Cándido Pazó</i>	15,16,17
O NOSO CENTRO	8-12	<i>Poesía con Pilar Pallarés</i>	18,19,20
<i>Feira medieval</i>	8	<i>Entrevista a machina</i>	21,22
<i>O camino de Santiago</i>	9	DEPORTES	23,28
<i>A nosa pancarta na RAG</i>	10	<i>Entrevista a Jonathan Barreiro</i>	23,24
<i>Lembranzas</i>	11,12	<i>Entrevista a Inés Barbeito</i>	25
		<i>Madrid-Barcelona</i>	26,27
		<i>Descenso do RC Deportivo</i>	28

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS



A celebración do día das Letras Galegas, cada 17 de Maio, foi instituída no ano 1963 pola Real Academia Galega para conmemorar a publicación do libro de Rosalía de Castro "Cantares Gallegos", un 17 de Maio de 1863 e homenaxear a algún escritor ou escritora en lingua galega.

"Cantares Gallegos", está considerada como a obra literaria que inicia o "Rexurdimento" da literatura e da cultura galega moderna.

A proposta de celebrar ese Día foi formulada por tres membros da Real Academia Galega, Manuel Gómez, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego.

A primeira escritora homenaxeada, no ano 1963, foi a mesma Rosalía de Castro seguíndolle en anos posteriores: Alfonso Castelao, Eduardo Pondal, Francisco Añón, Curros Enríquez, López Cuevillas...

A Real Academia Galega celebrou no 2006 os seus cen primeiros anos de historia.

Fontenla Leal e Manuel Curros Enríquez, dende Habana, deron os primeiros pasos para a creación dun organismo que loitara pola lingua e a cultura galega e así, un 30 de setembro de 1906 celebrouse no salón de actos da Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesanos da Coruña a constitución e primeira reunión da Real Academia Galega.



Real Academia Galega

A primeira sede foi no Pazo Municipal de A Coruña, pasando posteriormente a un edificio da Rúa Tabernas, propiedade dunha das académicas, a condesa de Pardo Bazán.



Xosé L. Méndez Ferrín

O seu primeiro presidente foi Manuel Murguía, marido de Rosalía de Castro.

Dende o ano 2010 a presidencia é exercida por Xosé Luís Méndez Ferrín.

LETRAS GALEGAS 2011, LOIS PEREIRO



Luis Ángel Sánchez Pereiro, máis coñecido como **Lois Pereiro**, nacido en Monforte de Lemos o 16 de febreiro de

1958 e finado na Coruña o 24 de maio de 1996.

Estudou no colexio dos Escolapios, e comezou a escribir con 15 anos.

Tras rematar o COU marchou a Madrid, onde comezou Ciencias Políticas e Socioloxía. Logo dunha estancia en Monforte traballando na empresa familiar, adicada ao vidro, regresou a Madrid para estudar lingua

inglesa, francesa e alemá. Alí fundou a revista *Loia* xunto a Antón Patiño, Manuel Rivas e o seu irmán Xosé Manuel Pereiro.

Cara a 1981 marcha a vivir á Coruña, onde se une á revista *La Naval*. Neste período entrou en contacto cun grupo de poetas entre os que figuraban Xavier Seoane, Francisco Salinas Portugal ou Xulio Valcárcel, participando en varias antoloxías coma *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II*

(1985), e colaborando en revistas como *La Naval*, *Trilateral*, *Anima+1* e *Luzes de Galiza*. Esta última publicaría en 1997 os oito capítulos da novela curta *Náufragos do Paradiso*. En 1983 e 1987. Traballou como tradutor do alemán, francés e inglés de dobraxe de cinema e, sobre todo, de televisión.

Publicou dous poemarios en vida, *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (1995). No

1996, ano da súa morte, saíu á luz *Poemas para unha Loia*, que recolle obras da época madrileña, publicadas na revista *Loia*, e que inclúe o ensaio *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*, publicado no nº 27 de *Luzes de Galiza*.

Canto das causas da morte de Pereiro, malia estar daquela enfermo de SIDA, foron un cúmulo de doenzas que remataron cunha insuficiencia hepática. O motivo da súa morte foi unha intoxicación por aceite de colza desnaturalizado.



CATÁSTROFE EN XAPÓN

O 11 de marzo de 2011, Xapón foi sacudido por un terremoto (unha vibración do terreo producida por unha brusca liberación de enerxía) de 9.0 graos na escala Richter. Produciuse na costa do leste de Honshū. Faleceron e desapareceron miles de persoas.

Xapón encóntrase no continente de Asia, situada entre o océano Pacífico e o mar de Xapón, ao leste de Rusia, China e da península de Corea. A súa capital é Tokio. Xapón está formado por catro illas:

Honshū, Hokkaidō, Kyūshū e Shikoku.

Ten unha poboación aproximada duns 127.000.000 de habitantes.

Xapón é unha zona con moito risco sísmico.



O 12 de marzo de 2011 un tsunami (conxunto de ondas de enorme volume orixinadas ao se elevar bruscamente unha gran masa do fondo do mar, son producidas por terremotos co epicentro debaixo do mar) con ondas de 10 metros de altitude, que alcanzou Sendai, unha cidade de Xapón, onde arrasou con casas, coches, granxas...

Por culpa do terremoto e do tsunami producíronse graves incendios, como o que se deu na central nuclear de Fukus-



hima. Ao principio non había perigo de fugas radioactivas, pero ao final tiveron que desalojar aos habitantes de Fukushima 20 quilómetros de alí, porque o ministro de industria, Banri Kaieda, advertiu de que podía producirse unha pequena

fuga radioactiva nesta central, duramente golpeada polos sismos. As autoridades Niponas dispoñíanse a liberar vapor radioactivo para facer caer a presión que se elevara nun reactor.

Este feito fixo saltar todas as alarmas recordando o que pasara en Chernovil e volveu cuestionarse a enerxía nuclear.



Coral, María Santos, Aleksandra, Fianma e Fátima 2ºB ESO

MIL GRÚAS POR XAPÓN

SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS DO TERREMOTO

Os alumnos do CPI O Cruce fan 1000 grúas de papel en solidariedade co pobo xaponés.


É unha iniciativa de Sandra Sambade (profesora de Ámbito Científico).

Foro realizadas polos alumnos de 4º C coa colaboración de Kelly Vilar, Sheila Liste, 3º A, 3º B e a profesora de Plástica, Ana Sogo.

As mil grúas de origami son un símbolo de paz, debido á historia de Sadako Sasaki (1943-1955), unha pequena xaponesa que desexou curarse da súa enfermidade, producida pola radiación da bomba atómica que foi lanzada sobre Hiroshima.

Quizais as nosas grúas axuden a Xapón a saír do desastre producido polo tremor e o posterior tsunami.

Alumnos 4º C ESO



Gala contra o cancro

O 29 de abril no concello de Ordes celebrouse un concerto contra o cancro, coa colaboración da Orquestra Panorama, unha das orquestras máis coñecidas pola súa música, xa que lles gusta moito aos maiores como á xuventude .

Tamén colaboraron varios famosos, como: Malú, Merche, Melocos, Cherito, Carliños Broen, Land Rover..

O concerto comezou as 12:00 aproximadamente, e entre actuacións , e moitas risas grazas ao presentador de Land Rover, as horas pasaron e o concerto rematou as 5:00 da mañá.

Este evento xa se leva celebrando dende hai dous anos pola mesma causa, recadar cartos para a investigación do cancro, unha enfermidade que por desgraza cada vez afecta á vida de máis persoas e grazas as investigacións atopárase un remedio para curalo.

Esperemos que este concerto se siga celebrando todos os anos, xa que debería ser moi importante pos cidadáns non só para pasalo ben, se non para axudar a esas persoas que tanto o necesitan.



Isabel, Deysielle, Lara, Kevin 2ºB ESO



FEIRA MEDIEVAL

O noso Centro participa nun proxecto Comenius chamado “Buen Camino” xunto cuns colexios da Rioxa, Melilla, Madrid e a Estrada.

Este curso decidimos organizar unha feira medieval, pois nesta época, Idade Media, foi cando o Camiño de Santiago tivo máis influencia.



O camiño de Santiago remóntase aos albores do século IX co descubrimento do sepulcro de Santiago o Maior, evanxelizador de España. Ao longo das distintas rutas que levan a Santiago de Compostela transítárono persoas de toda índole e condición: peregrinos de boa fe, por condena xudicial o canónica, xogres, pordioseiros, vagabundos, aventureiros, prófugos, bandidos etc. Foi tan importante o encontrado no vello continente, que na literatura e representacións iconográficas medievais se concede ao emperador Carlomagno un importante papel no descubrimento de sepulcro.

O 7 de maio de 2011, aproveitando que en Cerceda celébrase unha feira, desenvolveuse a feira medieval.

Nós viñamos de facer un tramo do Camiño de Santiago. Durmimos nun albergue en Monte do Gozo. Cando chegamos a Cerceda fomos ao noso

colexio para vestirnos con traxes da época. Baixamos ata o Campo da Feira onde estaban instalados os postos. Había postos de comida, cerámica e xoias. O tempo non nos deixou de todo disfrutar da feira porque se puxo a chover. Veu a televisión de Galicia para gravarnos. Comemos todos xuntos no colexio. De menú déronnos ensalada, fi-



Pasámolo moi ben Esperamos que volva haber outra actividade coma esta no próximo curso.




Martín, Marcos, Miriam, Eva 2ºA ESO

O CAMIÑO DE SANTIAGO



fragas
do Eume.



Santiago
de Compostela.



TORRE DE
HÉRCULES.



Monte DO
GOZO.

Este é o segundo ano no que o colexio CPI O Cruce de Cerceda participa no proxecto Comenius chamado "O bo camiño". Este proxecto pretende relacionarse con alumnos de Madrid, A Rioxa, Melilla e a Estrada (Pontevedra).

O primeiro día fomos á praza de María Pita en A Coruña e camiñamos polas rúas para ensinarlle aos demais alumnos a cidade

Máis tarde os alumnos de Galicia (a Estrada e Cerceda) foron á torre de Hércules e os demais foron ao Aquarium Finisterrae.

Fomos á Torre de Hércules, subimos ata arriba. Había unhas vistas fermosas pero eran 365 escaleiras e cansámonos bastante.

Logo fomos comer e despois estivemos no monte de San Pedro. Alí disfrutamos das vistas.

Pola tarde fomos a Pontedeume e ao fin chegamos as fragas do Eume. Alí pasámolo moi ben.

Andamos 12 km. O río Eume era precioso e indo cos amigos pasábase moi rápido. Tamén vimos as pontes colgantes, cruzámolos e foi moi divertido.

Ao final do día ceamos no albergue do monte

do Gozo, despois deixáronnos estar fóra das habitacións bastante tempo, algúns estivemos falando cos alumnos de Nájera (A Rioxa).

Ao seguinte día andamos desde o Monte do Gozo ata Santiago. Acompañounos todo o colexio e fomos falando cos alumnos de Madrid.

En Santiago estivemos na Catedral e vimos o Botafumeiro.

Despois o resto do colexio marchou e nós quedamos facendo unha gymkana.

O sábado todos os colexios viñemos para Cerceda e fixemos unha feira medieval.

Había:

- Pasarrúas.
- Apertura do mercado.
- Actuación da escola de baile municipal.
- Exhibición de tiro con arco.
- Exhibición de esgrima.
- Talleres de tiro con arco e esgrima.
- O AFIADOR (Mago Teto).
- Exhibición da danza do ventre.
- Peche do mercado.

Carlos, Estefanía, Sara, Micaela 2ºB ESO

A NOSA PANCARTA NA RAG



No ano 2010, o noso centro gañou o concurso da pancarta do Correlingua. Isto significou que a nosa pancarta tivo a honra de estar na Real Academia Galega. En setembro fomos entregala e este é o discurso que a nosa compañeira, Marta Fraga pronunciou.

Os alumnos de Cerceda estamos orgullosos de ter gañado o concurso do Correlingua 2010 e de que a nosa pancarta vaia estar exposta na Real Academia Galega. Queremos lembrarnos dos nosos compañeiros de 4º da E.S.O. do ano pasado e de Ana Sogo, xa que foron os que a crearon.

Grazas por darnos a posibilidade de traela para a Real Academia Galega. Estamos orgullosos de que quede aquí porque vaise gardar ao lado dos documentos máis importantes do galego. Todas as persoas que veñan visitar

a Academia, van vela e van saber que os alumnos e alumnas de Cerceda amamos o galego.



"A forza do noso amor" era o lema do Correlingua 2010. A forza do noso amor polo galego únenos aos persoeiros que loitaron pola nosa lingua, e seguen loitando coma vosoutros e vosoutras, os académicos.

Todos nós seguiremos falando galego, dando exemplo aos rapaces da nosa idade de que é bo falar o noso idioma.

**O GALEGO É O NOSO TESOURO!
O GALEGO CONTA CON NÓS!**

LEMBRANZAS

MARCHAMOS DO CRUCE...

E ACÓRDAMONOS DE MIKEL

Pasan os días, paréceme que cada vez máis lentos. As clases estanse acabando, estamos no último mes, xuño. As flores xa saíron á luz do sol; todo podemos contemplar as súas cores, o seu resplandor...

Un día máis levántome, dúchome, vístome, almorzo... Logo collo o bus ás nove da mañá. Imos facer a ruta, e collemos os outros rapaces entre eles a María, Rocío e Maikel. Os tres van na miña clase. A Maikel cando sobe ao autobús, en vez de dicirlle "Bos días" dígolle "Ola, can". El enfádase porque non lle gusta moito ese nome, pero el ben sabe que llo digo con cariño porque o quero moito. E eu tamén sei que o que el me di a min tamén é con cariño. Somos coma irmáns, metémonos un co outro, pero no fondo levámonos ben.

Chegamos ao colexio, CPI O Cruce-Cerceda. Ás nove e media en punto toca a sirena. Subimos as escaleiras para poder chegar á nosa clase. Sentamos, collemos os libros e entra o profesor, Paco Moreno, a quen todos lle queremos moito. El é un moi bo profesor. Galego e coñecemento témolas con Mariló, a profesora de música, a quen tamén lle queremos moito, e tamén é moi boa profesora.

Na clase estou sentada cerca de Maikel. Sempre me colle as cores e sempre lle teño que recordar que mas devolva.

Sáimos ao recreo, cansados de estar na clase, sentados sempre na mesma cadeira e apoiados sempre na mesma mesa. Xogamos

ao fútbol. A Maikel encántalle o fútbol. É do Real Madrid. Ten o estoxo de Real Madrid, un cadro do escudo do Real Madrid, o traxe do equipo de fútbol, a mochila... Pódese dicir que é un fan do Real Madrid. (Miriam)

Era o día de fin de curso. O noso profesor, Paco, organizara unha festa para o noso curso. Nós levamos a comida, a música e incluso serpentinas para decorar a aula. O mellor da festa foi cando Miguel puxo a canción do verán no reprodutor de música. Toda a clase nos xuntamos e agarramos para bailar esa canción, e Miguel púxose no medio do círculo. Miguel era bastante extravertido. Eu había apenas un ano que o coñecera en "baile galego" e xa era un dous meus mellores amigos. (Marta)

Pero por fin se acabaran as clases e chegara o verán. Sol, praia, Aquapark, festas... No verán, un amigo meu mais eu decidíramos ir a un campamento de verán en Forcarei. Ao rematar a semana, veume recoller miña nai. De repente miña nai dime que me ten que contar unha cousa importante. Eu xa imaxinei que non sería nada bo, pero nunca pensei que ía dicir iso. Díxome que o meu amigo Mickael enfermara e que o tiveran que levalo a Madrid para descubrir que enfermidade tiña. Eu víñenme abaixo e fun o resto do camiño preguntándome se se iría poñer ben. Xa nin me acordaba do campamento. Só quería que meu amigo se puxera ben e que volvese a Cerceda. Pasaban os días e Mickael parecía que ía mellor. Os médicos dixeron que tiña problemas graves, pero que se recuperaría. Pero ao cabo dunha semana Mickael morreu alí en Madrid. Os médicos non sabían cal era o proble-

ma nin tiñan a cura e morreu. A min parecía-me inxusto porque el era moi bo rapaz e non merecía iso. (Dilan)

Aquela mañá comezou coma tódalas outras mañás de verán do 2006. Soou o teléfono. Era Miriam a miña amiga desde os catro anos. Eu o que menos pensei era que me ía dicir algo que fixera que aquel día tan terrible. Miriam díxome que Michael morrera. Nese momento pasou pola miña mente todo o que viviramos todos os da clase con el, momentos bos, momentos malos, momentos que non se podían cambiar, ó igual que non se podía cambiar aquel feito. (Lara)

Chegou o día que non quería que chegase. O día do enterro. Cada imaxe dese día é peor unha tras outra. Ver a cantidade de xente que alí doíame no peito. Eu só quería que iso acabase, que ninguén máis me viñese intentar consolar, e non sei aínda ben como pero sucedeu. Esa mesma noite, tras longos intentos de adormecer, conseguino. E alí estaba Miguel, nuns pasadizos brancos. El agarrábame unha man cun sorriso na boca. Espertei confusa. Botei un anaco sentada na cama recapacitando. Mirei o meu móbil e asegureime de que a súa foto seguía alí gardada. Deiteime de novo na cama e durmín. Durmín tranquilamente pois sabía que el seguiría aquí mentres fose capaz de recordar cada imaxe súa, e a imaxe do seu último sorriso. (Marta)

O seu enterro. Profesores, todos os seus amigos, a familia e máis xente estaba alí presente, presente no día en que daríamos o adeus definitivo ao noso amigo. Os rapaces da clase se Michael, levamos as coroas de flores dende o tanatorio ata o cemiterio. Todos pasamos a tarde entre bágoas, abrazos, nese momento foi cando me din conta da xente

na que podía confiar e na que é amigo, de verdade. A partir dese día aprendín moitas cousas. Que había que querer aos amigos de verdade e apoialos cando lles fai falta. Que non te das conta do que tes ata que o perdes. Que hai veces, coma no meu caso e no dos meus compañeiros, que perdes algo e é para sempre. Para sempre fisicamente, porque no meu corazón Michael Iván Canedo Otero sempre estará. (Lara)


E acordoume que de alí a dous meses era o seu cumpreanos e me dixera:

-O día do meu cumpreanos vou invitar a todos os da clase.

-Pero por desgraza o que me dixu non o puido facer. E recórdoo moitas veces. Esa frase quedárame na memoria para sempre e cada vez que chega novembro digo:

Hoxe é o cumpreanos de Maikel...
(Miriam)


Hoxe, despois de 5 anos, sigo pensando nel e pregúntome como sería se non enfermara. Cando mais me acordo del e cando vexo a súa nai pola rúa. (Dilan)






“MEMORIAS DUN NENO LABREGO” DE CÁNDIDO PAZÓ

FOMOS AO TEATRO



En xaneiro de 2011 cumpríronse 50 anos da publicación de “Memorias dun neno labrego”. Para conmemorar este feito, Cándido Pazó fixo una adaptación teatral da obra de Xosé Neira Vilas. Os alumnos de 2º, 3º e 4º de ESO fomos ver a obra. Velaquí as nosas opinión

Daniel Pena Grille: O que máis me gustou da obra foron as anécdotas e historias que incluíu Cándido Pazó na súa representación, xa que eran moi graziosas e aportaban un toque humorístico á obra. A escena que máis impacto me causou foi cando Cándido Pazó colleu o cinto imitando o pai de Balbino e deu co cinto contra o chan coma se fose o pai de Balbino zoscándolle a Balbino co cinto. Esa escena chamoume tanto a atención porque non pensei que os rapaces sufriran tanto cando os pais llea pegaban. En canto á escenografía da representación a música estaba bastante ben xa que estaba relacionada coas escenas que Cándido Pazó interpretaba. Tamén o traxe de Cándido Pazó me gustou xa que o integraba máis na obra e nos podía dar unha idea de como ía vestido Balbino. En canto ao decorado o que máis me chamou a atención foi a morea de terra que estaba situada a esquerda porque creo que servía para identificar dalgunha maneira ao campo. Aínda así penso que lle faltaron obxectos para poder representar mellor algúns lugares que nomeaba Cándido Pazó na súa representación. Eu penso que Cándido Pazó quixo darnos as grazas porque viu que o público de Cerceda estaba máis metido na obra, e dicir, que atendía máis a súa representación. Penso que no detalle que máis se fixou Cándido Pazó foi cando el representou a escena en que Manolito fala cos fillos do doutor para botar a Balbino de alí. Cando Cándido Pazó falou en castelán só se riu o público de Cerceda, non se riu nin o da Coruña, nin os de outros lugares, e para min ese foi o principal detalle para que Cándido Pazó nos dera as grazas.



Andrea Lamas Castro: Gústame bastante porque Cándido Pazó o protagonista da obra, parece un home así coma nós, de aldea, que sabe o que sentiron milleiros de persoas na época de Balbino. O escenario pareceume pequeno pero para a representación que fixo abundaba. O decorado é algo sinxelo, pero porén, con iso só chegoulle. Gústame o personaxe de Balbino porque é un rapaz de aldea e conta a historia da súa vida. Gustoume bastante porque Cándido Pazó o protagonista da obra, parece un home así coma nós, de aldea, que sabe o que sentiron milleiros de persoas na época de Balbino.

O escenario pareceume pequeno pero para a representación que fixo abundaba. O decorado é algo sinxelo, pero porén, con iso só chegoulle.

Gústame o personaxe de Balbino porque é un rapaz de aldea e conta a historia da súa vida.

A min non me gustaría ser Balbino nesa época porque tiñan que estar como serventes do señor, pero porén, non sei como Balbino non lle pegou antes a Manolito. Eu tirarialle a pedra a veces que fixeran falta. A min non me gustaría ser Balbino nesa época porque tiñan que estar como serventes do señor, pero porén, non sei como Balbino non lle pegou antes a Manolito. Eu tirarialle a pedra a veces que fixeran falta.

Rocío Blanco Janeiro: A representación á que asistimos gustoume moito porque Cándido Pazó soubo representala en forma de monólogo. Como actor é moi bo. Sobre o escenario tamén me gustou porque os elementos estaban ben repartidos e o que máis me chamou a atención foron as imaxes que saían proxectadas.

Para min, a historia de Balbino aínda que non sexa real, penso que pode ser a historia de calquera rapaz ou rapaza que viva nunha aldea porque sempre ten que pasar algo entre os rapaces da veciñanza.

Se eu fose Balbino, tamén lle había tirar a pedra a Manolito para que me deixara tranquila e para que non volvese poñerme a man enriba

Lara Trasande Fernández: A escenografía pareceume moi sinxela, pero adecuada. Cun par de elementos, como a cadeira e a terra, xunto coas imaxes proxectadas e o son nas escenas máis importantes, chegou para transmitirnos as sensación e ideas de Balbino, e incluso para facernos rir con elas. Impactoume cando explicou que non podía xogar nin saír á festa como os demais nenos, por mor da morte do tío Braulio, porque é estraño e confuso, pois mostrou moi ben como se debeu sentir Balbino, a pena que sentía por el, á par que desexaba que se esqueceran diso e puidera deixar dunha vez o loito e poder comportarse como un neno normal. O que máis me gustou foi cando o actor, Cándido Pazó, decidiu descubrir o que para el, había na caixiña de Balbino: un agasallo para o rapaz, unha festa, a festa da que non puidera disfrutar.



Damián López Pérez: A min particularmente defraudoume un pouco a obra, debido a que pensei que ía ser unha representación de varios actores e era un monólogo. Cándido Pazó pareceume un grandísimo actor, porque actuou durante unha hora e media el só e sen descanso. Para a miña opinión, os elementos do escenario quedáronse algo curtas, debería de haber máis, por exemplo unha árbore coa dita caixa. Sobre a historia de Balbino, é moi realista, di exactamente o que pasaba nesa época. Eu creo que na caixiña debería de haber moitos cartos, para poder axudar a familia a saír adiante. Se eu fose Balbino non lle tiraría a pedra para non meter en problemas á miña familia. A min particularmente defraudoume un pouco a obra, debido a que pensei que ía ser unha representación de varios actores e era un monólogo. Cándido Pazó pareceume un grandísimo actor, porque actuou durante unha hora e media el só e sen descanso. Para a miña opinión, os elementos do escenario quedáronse algo curtas, debería de haber máis, por exemplo unha árbore coa dita caixa. Sobre a historia de Balbino, é moi realista, di exactamente o que pasaba nesa época. Eu creo que na caixiña debería de haber moitos cartos, para poder axudar a familia a saír adiante. Se eu fose Balbino non lle tiraría a pedra para non meter en problemas á miña familia

Martín Loureiro Ameijenda: A min a obra gustoume moito, pero ao mesmo tempo, pensaba que ía haber varios personaxes e só houbo un. Cándido Pazó gustoume moito porque fala un bo galego e interpreta moi ben o papel de Balbino.

O escenario estaba moi ben presentado, faciache pensar na terra.

A historia de Balbino gustoume porque conta a historia dun rapaz de aldea e explica como era a súa vida.

Penso que na caixa que atopa e logo perde, debería haber un pouco ouro e que o puidesen vender para gañar cartos.

Eu tamén lle tiraría a pedra a Manolito porque se andaba a meter con el.

Na clase de Plástica Visual fixemos un cómic baseándonos nos capítulos de “Memorias dun neno abrego”. Esta é una mostra feita por Bianca Sánchez de 3º



ENTREVISTA A CÁNDIDO PAZÓ

Cándido Pazó concedeunos moi amablemente unha entrevista, despois de ver a obra protagonizada por el, *“Memorias dun neno labrego”*

Como e cando comezaches a contar contos? Comecei no ano 97 por invitación, e a imitación, de Quico Cadaval, pero eu xa levaba máis de vinte anos no teatro. **Contas as mesmas anécdotas persoais ou vanche vindo ao acordo segundo representas?** Supoño que vos referides a contar, porque representar é cousa do teatro. Teño diversos esquemas que podo misturar e combinar de distintas formas segundo o público, a situación, o meu estado de ánimo, o tipo de programación, etc. E no medio deses esquemas podo ir metendo improvisacións.

Cal é a obra que máis desfrutaches representando? A que agora estou a facer: Memoria das memorias dun neno labrego.

Que obra teatral che gustaría interpretar ou dirixir? Agora mesmo non teño ningunha preferencia concreta.

Cal é o autor galego que máis che gusta? Roberto Vidal Bolaño. Aínda que nunca dirixín ningunha peza súa. Nin tampouco actuei en ningunha.

Como é o teu traballo fóra do escenario? Preparar cousas, xestionar a miña em-

presa teatral, buscar ideas, contestar entrevistas coma esta...

Como memorizas as obras? Utilizas algún aparello para te axudar por se te esqueces? A xente dálle moita importancia ao de memorizar no teatro e, a verdade, é o máis fácil desta profesión. Sei de actores que no instituto eran incapaces de memorizar a táboa periódica ou as declinacións latinas pero que son capaces de memorizar unha peza sen ningún problema. En todo caso, os contos e as pezas tipo *Memorias* non as memorizo ao pé da letra para así ter activo e fresco o pensamento. E non, non utilizo ningún tipo de aparello, se me esquezo trato de saír do apuro como poida.

Como te fai sentir estar enriba dun escenario? Síntome moi ben porque me gusta moito a relación directa co público.

Que pensaches a primeira vez que liches *Memorias dun neno labrego*? Pasoume o que a tanta xente, emocióneime, sentínme, dalgunha maneira,

cercano a Balbino e ao seu mundo. En parte por vivencias propias e en parte, en maior parte, por vivencias herdadas, que lle ouvira contar á xente maior.

Por que quixeches facer unha obra de Memorias dun neno labrego? Porque intuía que podía encaixar moi ben no meu estilo e no xénero escénico-oral que ultimamente cultivo e porque gusto moito da memoria e da evocación.

Ti tamén fuches un rapaz de aldea? Máis ou menos. Eu nacín e crieime nunha parroquia do concello de Vigo, San Paio de Navia. Un lugar moi coñecido da miña parroquia é Samil. Cando eu era pequeno a xente alí aínda traballaba os campos, sobre todo as mulleres, porque os homes normalmente estaban empregados nos estaleiros, andaban ao mar, na Citróen ou, como no caso de meu pai, na construción, e dedicábanse ao campo no tempo que lles quedaba libre. Na miña casa había porcós, galiñas, ovellas (unha das miñas responsabilidades era sacalas da corte pola mañá e metelas pola noite). Nunca deixei de ir á escola por traballar no campo pero ao saír, ou os sábados ou nas vacacións, tiña que axudar: acarrexar esterco, apañar batume, sachar as patacas, botar unha man nas labradas, debullar millo, mallar nos feixóns, ir ás canas para facer arxóns para as xudías... o que fose. Non como Balbino, claro. Nin tiña que me erguer tan cedo nin reventaba a traballar. Simplemente iso, axudaba. Evidentemente eu preferiría ir

xogar, pero...

En que te sentes identificado con Balbino? Custouche meterte no papel? En que eu tampouco entendía nin aturaba a inxustiza e en que tamén era moi cismón, moi de lle dar mil voltas á cabeza. Non me meto na pel de Balbino. Conto a súa historia desme min mesmo e ás veces, iso si, métome nas súas emocións e debúxoo un pouco fisicamente, inspirándome nos nenos de Castelao.

Gústanche tanto as romarías como a Balbino? Gustábanme as festas, claro. Como a todos os rapaces, supoño. Cando era pequeno as festas das parroquias eran as grandes ocasións para troulear. Era cando che deixaban chegar tarde e todo iso. Cando terminaban quedábache un vacío grande no corpo. Agora, a verdade, é que non me interesan demasiado e creo que, sobre todo as que son cerca de núcleos urbanos, habería que repensalas e redefinilas.

Pegábanche cando eras neno? Pois si. Na casa, na escola, na igrexa... Daquela era o normal. Cando máis doía era cando, como a Balbino, che pegaban sen ter culpa.

Opinas que o pai de Balbino fixo ben cando lle bateu diante do señor? Non, evidentemente. Foi desmedidamente cruel e humillante. Pero tamén o pai de Balbino era unha vítima dunha sociedade inxusta. As vítimas exercen moitas veces

de verdugos.

Cres que lles gustou a todos os públicos por igual? Notas se hai diferenza entre público de zona rural ou de zona urbana? Os espectáculos nunca lle gustan a todos por igual. Por moitas razóns. Supoño que as Memorias serán máis entendibles, e sobre todo sentibles, para un público rural que para un público urbano.

Pero, de todas formas, neste país a fronteira entre o rural e o urbano é moi imprecisa. Imprecisa no espazo e, sobre todo, imprecisa no tempo pois, dunha maneira ou

doutra, todos somos portadores de máis ou menos memoria dese tempo e dese mundo que se retrata no libro de Neira Vilas.

Por que dixeches que te divertiras con nós como público? Que fixemos distinto? Porque me sentín cómodo, houbo participación, atención... Soubestes rir ou calar cando tocaba e iso fixo que o pasase ben co meu traballo. Eu estou moi afeito ao público adolescente porque fago moitas contadas nos institutos, pero as Memorias son distintas. É algo máis teatral, máis medido, máis comprometido, e tiña medo que non resultase tan ben como o de contar contos. Pero si que está resultando.



Sería posible vivir unicamente do teatro en Galicia? Eu vivo unicamente de todo o que ten que ver coas artes escénicas desde hai 25 anos. E non vivo mal.


Nótase a crise no teatro? Pois si. Nunha situación de crise as institucións e a xente en xeral tenden a pensar que a cultura é do primeiro do que se pode prescindir. Desde logo hai cousas importantísimas, prioritarias, como a sanidade ou a educación, e non digamos comer ou ter unha vivenda digna, pero hai outras moitas cousas que non o son tanto e onde os recortes non son tan brutais como na cultura.

Como te ves dentro de vinte anos? Con vinte anos máis. Cando tiña trinta parecíame que os cincuenta que agora teño estaban moi lonxe... e chegaron nun plis-plas. Cantos máis anos un ten máis rápido pasa o tempo, así que os setenta... En fin, que o mellor é vivir a tempo o tempo de cada tempo e non perder tempo dedicándolle tempo a pensar no paso do tempo. Sempre me gustaron os trabalinguas. Ter proxectos, pequenas metas, divertirse o máis posible co traballo. E co descanso. Agora andan ás voltas co da xubilación aos 67 anos. Entendo que a xente proteste, pero polo que a min respecta eu querría xubilarme canto máis tarde mellor.

Polo camiño da poesía con Pilar Pallarés

Baseándonos neste poema de Pilar Pallarés, fixemos esoutros que tedes debaixo.

Recén chegou o outono
 coas uvas agardando para ser viño.
 Eu xogo co meu gato.
 Choven as follas vellas da cerdeira xa cansa
 e cantan nos tellados os gorrións desta tarde.
 Veñen ventos do sul. Liscou a volvoreta.
 Aínda hai nas polas mazanciñas de inverno,
 aínda garda o millo o segredo da espiga
 e haberá moito tempo arrecendo de terra mollada.
 Mentres, vai fuxindo a tarde
 e sairon os corvos a festexar a choiva
 e até ese pazo vello ten ar de namorado
 e de meniño ledó.
 Hoxe quero lembrarlle os seus nomes á terra
 e sentir nos meus labres a ledícia do vento:
 Paxariñas abaixo, Sigrás coa súa igrexa,
 a ermida de San Cosme, Castelo e o Pai Xalo,
 Liñares e Sueiro e Sésamo e Tarrío,
 Fontemaior, Outeiro, O Curro, o noso Rego.
 E aló, Celas de Peiro, A Ermida e as Encrobas.
 No colo do Pai Xalo, Xustovedro.
 E campos con repolos, a nebiña tan leda
 coas folliñas molladas falándolles aos ceus.
**E a festa das castañas no seo das súas árbores,
 a ledícia dos figos, dos tenros migueliños.
 E en cada recantiño cimetérios de follas,
 morrente a clorofila, o roibo e máis o ocre
 xogando nas maceiras.**



Os nosos poemas

Miriam García & Lydia Pardo

Xa chegou o outono
coa xente agardando con impaciencia.
Mentres eu xogo co meu can.
Choven as follas das árbores
e cantan os paxariños
despedíndose de nos.
Veñen tempo fríos,
agora que xa liscou o verán.
Xa non hai flores á luz do sol,
pero a xente gárdaas con moito amor.
Haberá xente despedíndose,
ou simplemente agardando
mentres vai fuxindo o verán.
Xa as castañas saíron dos ourizos,
xa a cociña ten lume.
Hoxe vou lembrar as terras
que levo dentro :
Cerceda cos nenos, A Silva
coa feira das nenas, Rodís; Vilar,
Queixas, Meirama e San Vicenzo.
O Barco de Valdeorras,
en Ourense, o Grove e A Coruña ao carón
do mar.
Pódese ver o roibo das follas,
mentres caen lentamente nos campos.



Melania Pérez & Sonia Rodríguez

Chegou o vento
e as follas están agardando a caer
xogo co tempo
choven as bagoas dunha muller cansa.
Os nenos cantan mentres apañan castañas.
Veñen os recordos do pasado. A alegría liscou.
Ela garda recordos da súa xuventude
e non haberá quen llos devolva.
Hai soños que marcharon co vento.
O día vai fuxindo
e non volverán os soles que saíron a festexar a alegría.
Ten que olvidar o pasado e fixar a súa mirada
na primeira lúa do mes de Outubro.
Hoxe é día de festa na nosa terra.
Lembramos: Queixas, o monte da Cerdeira,
Rodís, Soandres, o monte Xalo,
Cerceda, as Encrobas e Meirama.
Ordes, A Silva, Tordoia,
Xesteda, Carballo, Laracha,
Fisterra e Santa Comba.
Están xogando os nenos nos campos coas caras molladas
Agochándose detrás das árbores
que xa perderon as súas follas
de cor roibo e ocre.



Marta Fraga

Xa chegou a caída das follas,
 con ela os abrigos agardando a ser postos,
 eu xogo cos fillos en fronte o lar.
 Choven bágoas polos rostros asustados
 mentres contan as pantasma imaxinarias.
 Veñen os espíritos. E liscou o respirar.
 Hai algunhas raiolas de sol no lugar.
 O lume aínda garda a calor
 e haberá máis lapas antes de fin de ano.
 A bandada de andoriñas vai fuxindo
 e as castañas saíron a festexar.
 E ata a nube negra ten gana de chorar.
 Hoxe quero falarche da miña terra
 e sentir o amor dos meus.
 Rodís, a nosa parroquia.
 O cemiterio do Petón. Castillo e a Silva.
 Queixas e Xesteda e con eles o Acebedo.
 Vilamarta, A Tablilla e Xende.
 Máis para acó Xermar, A cortella e o Pumar.
 No colo de Cerceda, Meirama e o Roxo.
 E campos cheos de herba húmida
 coas castañas molladas saíndo do ourizo.
 O sabor do caldo quente.
 As follas aínda das súas árbores.



Raquel González Rama

O outono chegou aquí,
 sigo agardando para ser levado
 Eu xogo entre as follas.
 Choven gotas das vellas árbores nús,
 cantan os corvos anunciando o meu fin.
 Veñen augas. Liscou o afán de sorrír.
 Sei que hai esperanza de vida para este outono
 Sei que garda a árbore aínda algunha folla
 E haberá, nas mentes, xente que me lembre
 pois o outono vai fuxindo coa miña alma
 Xa saíron as follas caídas do meu xardín
 Xa ten que vir o inverno levando o meu fin
 Hoxe necesito ter a mente baleira
 e só sembrarme da miña terra:
 A Regueira, O Penedo, O Piñeiro
 Leiraen festa, Campos de Alga e como non Fins,
 Subir da Baixa e chegar ao Esperón
 Alí ao alto contéplase o Xalo,
 A carón de Cerceda, o Campo da Feira
 a Vila da Igrexia e regreso a Lavandeiras.
 Todas as rúas xa cubertas de follas.
 Todas as rúas xa tintadas de roibo.



ENTREVISTA A MACHINA



Como vos xurdiu a idea de crear un grupo?

No meu caso, eu tiña guitarra e ampli pero non coñecía xente coa que tocar. Co tempo con algúns amigos que tiñan guitarra foi tomando corpo a idea de montar grupo pero non foi ata que a xente de Shangri-la (un gran grupo que houbo en Cerceda) nos vendeu a súa batería que a idea se tornou en feito. Habilitamos un vello pendello que fora almacén de caixas dos mortos, e comezamos a facer rock and roll con moi poucos medios. Ese grupo chamábase Sensacha, logo veu Osiris, Presencia Zero e finalmente Machina que vén sendo unha mistura de todos eses grupos.

De que vos coñecíades antes de formar o grupo?

Como sabes, Cerceda é moi pequena entón a xente do rock coñecémonos todos xa que os máis vellos prestámonlle o equipo aos máis novos aínda que debo dicir que hai tempo que non sae un novo grupo en Cerceda coas novas xeracións e nós temos as portas abertas do local o toda persoa que queira vir tocar, oír, etc..

Quen eran os que estaban no grupo ao principio?

O único que queda dos membros fundadores de Machina son eu, Gonzalo, logo incorporouse Anxo e máis tarde Martín e Ángel (batería)

Como se vos ocorreu o nome de "machina"?

Pois é a conxunción de varias ideas, unha a de render tributo a bandas que nos marcaron moito como os Rage Against the Machine e os Smashing Pumpkins e xogar coa ironía da Machina (máquina) é dicir, somos algo máis que un elemento da cadea, da máquina, deste sistema capitalista, somos persoas, seres humanos que pensamos por nós mesmo e que tomamos as decisións por nós mesmos. Algo así,

isto da pa moito xD

Cal foi a cousa máis rara que vos ocorreu nun concerto?

Nunha festa universitaria en Lugo subiu un tipo en calzóns a bailar cando tocabamos Manolo Kazolo.

Tedes pensado sacar un novo disco no 2011?

Agora mesmo andamos facendo as cancións do que será o novo disco. Supoño que despois do verán entraremos no estudo de gravación e a finais deste ano teremos todo listo para presentalo.

Defendemos as licencias libres nas que cada autor decide o que fai coa súa obra.

Que e o que mais vos gusta facer no voso tempo libre?

Precisamente isto, música, rocanrol. Lamentablemente non podemos vivir da música co cal isto é un "joby". Aínda así facemos algo de deporte tipo tenis, pádel, (pero pouco xD)

Que pensades da Lei Sinde?

Pensamos moitas moitas cousas e ningunha boa. Debo dicir que non son ningún experto na materia pero chégame para saber que estou en total desacordo. Non é lexítimo que unha lei estableza que un grupo de persoas poida decidir cerrar unha páxina web da noite para a mañá, máis aínda cando ese grupo de persoas esta composto pola propia industria discográfica, cinematográfica etc que se beneficia deses peches.

O actual sistemas de xestión dos dereitos pouco variou dende que naceron na época Gutenberg creou a imprenta co cal deben axeitarse aos novos tempos. Ninguén fala de que os autores teñan que regalar a súa obra, falamos de que os tempos cambian, a sociedade cambia e polo tanto a industria tamén o ten que facer non pode seguir acomodada na súa posición privilexiada.

Que pensades da SGAE?

Pensamos que é a única sociedade que xestiona os dereitos dos autores en España, é a única e co cal é un auténtico monopolio que como tal abusou e abusa todo o que lle da a gana.

Nós somos autores xa que facemos cancións pero non somos socios das Sgae, nembargantes, cando as nosas cancións soan na radio, eles están a cobrar eses dereitos pero a nós non nos ingresan nada, a onde van eses cartos?

Machina defende as licencias libres nas que cada autor decide o que fai coa súa obra. Por exemplo, cunha licenza libre eu podo decidir cobrar dereitos pola miña obra cando alguén se está a lucrar con ela ou podo negarlle dito dereito. Podo permitir que un bar pinche a miña música pero podo cobrarlle ou non cederlle os dereitos a un programa de televisión destes de polas tardes. O autor é o que decide.

Onde empezastes a ensaiar?

Como dixen, comezamos a ensaiar nun antigo almacén de cadeleitos o cal é unha boa anécdota xa que tivemos que sacalos fora para poder ter sitio para ensaiar.

En que lugares soedes actuar?

Nunca saímos de Galicia, só unha vez para ir a Barcelona, polo resto tocamos pola terra.

En cales vos gustaría actuar?

Pois en calquera no que nos chamen.

Onde actuastes por primeira vez?

Nos pubs de Cerceda, o Circuito e o Boxes.

Nos concertos, cal é a canción que máis vos piden nos bis?

Pois nunca piden ningunha en concreto, cando piden bises calquera lles val ou iso é o que nos parece.

Que grupos soedes escoitar?

Moitos e variados, cada un de nós ten os seus gustos. Po dicir algún nome, Berri Txarrak, Refused, Nothink, Día de Furia, Rise Against, Rage Against

the Machine, Sigur Rose, Foo Fighters, Muse, Zënzar, Radio Head,

Por qué decidistes cantar en galego?

Non foi unha decisión, foi un acto reflexo, do mesmo xeito que un destro escribe coa dereita nós cantamos en Galego, é a nosa lingua.

Que se necesita para ter unha banda de Rock?

Ter gañas, o resto seguro que atopas quen cho deixe.

Quen che parece o mellor batería, baixista, vocalista, ...?

Hai moitos e moi bos, non sabería eu dicirche cales son os mellores xa que é algo moi subxectivo. A nós gústanos todos aqueles músicos que nós transmiten e aportan algo, normalmente soe ser xente especial

como foi J. Bonham o batería dos Led Zeppeling, Jimi Hendix, Jaco Pastorius, Kurt Cobain ou Pepe Bao, Tom Morello, xente que ten cousas que dicir máis aló de repetir un mesmo discurso (musicalmente me refiro).

"A SGAE é a única sociedade que xestiona os dereitos dos autores en España. Por iso é un auténtico monopolio que abusa dos autores. Cando as nosas cancións soan na radio, eles están a cobrar eses dereitos, pero a nós non nos ingresan nada, a onde van eses cartos?"

Cal credes que é a mellor canción da historia?

Moitas, que difícil é escoller.

Desde que tedes o grupo, ligades máis que antes?

Ha, ha,ha,ha!!!! Moito moito, pero como sempre ha,ha,ha!!!!



UN AS DO
BALONCESTO

ENTREVISTA A JONATHAN BARREIRO



Jonathan, o noso compañeiro, é un rapaz moi alto ao que lle gusta xogar ao baloncesto. Este ano saíu moitas veces no xornal porque o consideran unha promesa deste deporte.

1-Como comezaches a xogar ao baloncesto? O meu adestrador de ximnasia, Xabier, organizou unha xornada de busca de talentos para o baloncesto cuns adestradores profesionais, e observaron que non se me daba mal.



España en Lanzarote, do 19 ao 25 de Xuño.

4-Con respecto ao teu futuro, en que equipo te ves xogando?

Eu, por agora, non penso no futuro, só penso en seguir traballando e mellorando no meu club, con humildade.

2-En que club comezaches a practicar este deporte?

Con 11 anos, comecei a xogar nun pequeno equipo de Carballo chamado Xiria, máis que nada para probar sorte.



5-Compaxinas ben os estudos co baloncesto? A verdade é que non o levo mal. Saco boas notas aínda que ás veces síntome un pouco agoniado pola falta de tempo.

3-Actualmente, en que equipo xogas?

Estou xogando no Sant-Yago, un equipo da Coruña que vai participar no Campionato de

6-Veste, dentro duns anos, xogando nos Esta-

do Unidos na NBA?

Por agora só penso en seguir traballando para mellorar onde estou. A verdade é que é un reto difícil, pero non estaría mal.

7-Participaches nalgún campionato nacional?

Si, participei co Madrid, Barcelona, Peña, Unicaja e Power Electronic Valencia en varios torneos nacionais.

Tamén xoguei coa selección de Galicia contra diversas Comunidades Autónomas.

8-Hai algún xogador profesional que admires?

Xoán Carlos Navarro, é o meu ídolo, xa que puiden disfrutar dun adestramento con el, e puiden comprobar que ademais dun grande xogador é unha grande persoa.

9-Cal é a túa mellor virtude e o teu peor defecto no baloncesto?

Unha virtude que vexo en min en canto a este deporte é que son bastante alto e teño boa coordinación. Un defecto que teño é a falta de experiencia.

10-Cal é o teu obxectivo para este ano?

Gustaríame quedar nun bo posto no campionato de España.

Desexámoste moitos éxitos.

Velaquí a Jonhy en acción



Óscar, Nelson, Olalla 2º A ESO

ENTREVISTA A INÉS BARBEITO

Entrevista a Inés Barbeito Gende, subcampioa de España de socorrismo e salvamento en augas abertas.

Con cantos anos empezaches a nadar? Con catro anos.

Venche esta afección de alguén da túa familia? Da miña irmá pois ela tamén comezou a nadar de pequena.

É moi importante para ti o apoio dos teus pais? Si, pois motivávanme moito e axúdanme a seguir conseguindo logros.

Dedícaslle moitas horas a natación? Si, bastantes. Sete horas e media a semana aproximadamente.

Como podes compaxinar as horas de adestramento coas de estudo?

Simplemente despois de adestrar estudio e fago as miñas tarefas.

Canto esforzo che esixe a natación? Non moito porque o maior esforzo xa o superei nos meus inicios no salvamento.

Que te motiva a hora de competir? O apoio da miña familia, monitores e amigos.

Cales son as probas que máis che gustan? Unha delas é a de 200 m super-socorrista. A proba consisten nadar 75m sen aletas, 25m remolcando ao boneco sen aletas, coller o floppy e as aletas e poñelas na auga e facer 50m e finalmente enganchar no floppy ao boneco e nadar os dous últimos largos. A outra é de 100m rescate aletas. Trátase de nadar 50m con aletas e remolcar o boneco outros 50m. Estas probas son as que máis me gustan pois son nas que máis logros acado e as que mellor se me dan pois a miña especialidade son as aletas, muñeco e floppy.

"Cando gañei, púxenme moi nerviosa porque non o esperaba"

En que club de natación adestras? No club Natación Cerceda.

Como ves o futuro na natación? Véxome con futuro pois acadar premios e unha motivación máis.

Cales son as tuas metas na natación? Se por min fora serían os campionatos mundiais que por soñar non pasa nada.

Que consello lle darías a unha rapaza nova que coma ti pensa practicar a natación?

Que o faga porque lle guste non por que lle mandes, e que adestre moito que senon non se consegue nada, e que non afogue (e rise)

Como te sentiches cando gañaches a medalla de prata no campionato de España? Estaba moi nerviosa pois non me esperaba acadar un premio nesa competición.

Cal foi a proba que te levou a acadar o 2º posto no campionato? 50m sprint.

Esperabas chegar tan lonxe? Non, se non fose por Beni, o meu adestrador e a miña familia que me axudan nunca pensaría en chegar aquí.

Que beneficios consideras que che aportou a natación? Poder chegar a conseguir unha boa forma física e acadar premios a nivel estatal.

Practicas un deporte máis que a natación? Si practico fútbol.

Cres que lle dedicarás a túa vida ao deporte? Si, pois penso ir ao INEF.



Madrid-Barcelona

Os enfrontamentos entre Madrid-Barcelona xa son unha tradición no noso país.

Neste ano o Madrid e o Barcelona tiveron 4 encontros. Os dous equipos preparáronse concienzudamente.

Algunhas das estatísticas son:

* O Real Madrid e FC Barcelona ocupan as 2 primeiras posicións no ranking de ingresos de clubs europeos e lideran a maioría dos rankings deportivos da clasificación europea do fútbol, incluíndo puntos conseguidos (85,6% dos puntos disputados).

* O Real Madrid supera ao FC Barcelona en goles a favor (2,77 vs 2,5) e puntos fóra da casa (100% vs 95,6%) mentres o FC Barcelona lidera a clasificación de goles encaixados (0,63 vs 0,87) e puntos como visitante (75,6 vs 71,1%).

*O modelo da utilización da plantilla tamén é moi similar entre ambos equipos. Na Liga, o FC Barcelona utilizou 25 xogadores por 23 do Real Madrid. Os 2 clubs tamén dispoñen dun número case idéntico de estranxeiros na plantilla (14 o Real Madrid vs 13 o FC Barcelona).

Nos 4 clásicos que se disputan son:

-O primeiro clásico disputouse a liga (gañada polo FC Barcelona). O resultado foi dun merecido 1-1. O Madrid xogou cun fútbol defensivo, mentres que o Barcelona cun fútbol ofensivo.

-O segundo clásico disputábase a copa, a que o Madrid non gañaba dende fai 18 anos. Pero esta copa foi distinta. Na primeira parte dominou o Madrid, mentres que na segunda dominou o Barcelona. Chegaron ata a prórroga na que meteu o Madrid e gañou o partido.

-O terceiro mais o cuarto eran as semifinais da champions nas que o FC Barcelona dominou claramente ao Madrid cun resultado de 0-2 no Santiago Bernabeu (gañando o Barcelona), e cun 1-1 no Camp Nou. O Barcelona pasou a final e xogará o 28 de maio contra o Manchester de United en Wimbeldon.



Nas bancadas o Barcelona e o Madrid teñen os mellores adestradores do mundo. Que son:

BARCELONA: Calidades



Guardiola é boa persoa, cunha boa forma en calquera ocasión, incluso despois de perder a Copa e gañar o pase a final da Champions.

MADRID: Calidades:



Mourinho intenta levar a Guardiola aos enfrontamentos, e fai pequenas trampas que o axudan en calquera situación

Nos dous equipos hai unha rivalidade que afecta aos internacionais de España que xogan en ámbolos dous equipos. Un exemplo desta rivalidade é cando os culés (afección do Barcelona) tiráronlle nada máis e nada menos ca unha cabeza dun porco a Figo por marchar do Barcelona ao Madrid e os madridistas (afeccionados do Madrid) non lles pareceu moi ben e comezou a pelexa.

Nas bancadas tamén existe unha rivalidade, e os adestradores teñen distintas formas de pensar. Mourinho intenta levar a Guardiola á confrontación dialéctica, mentres que Guardiola mantén as formas e non cae na emboscada de Mourinho.

Nas afeccións tamén hai roces e é onde existe a maior presión, xa que elas empuñan ao seu equipo a dar o máximo.

David, Óscar, Cristian Carracedo, Cristian Loureiro 2ºB

DESCENSO DO RC DEPORTIVO

O pasado sábado 21 de maio de 2011, o fútbol galego sufriu unha traxedia, xa que o equipo coruñés adestrado por Miguel Angel Lotina enfrontouse ao Valencia



CF adestrado por Unai Emery no que o equipo local se xogaba estar para a vindeira tempada na primeira división do fútbol español. As cousas non saíron ben, pois o cadro local saíu moi tenso ao campo polo risco que supoñía baixar de categoría.

O estadio de Riazor presentaba un gran ambiente xa antes de que comezase o vital partido e a xente apoiaba ao equipo coma nunca antes o fixera. Ningún seguidor branquiazul quixo perderse o trascendental partido.

Comezou o partido e corría o minuto catro cando o xogador valencianista Aduriz adianta ao Valencia e conxelaba as bancadas de Riazor. Pese a iso o Deportivo non se veu abaixo e tivo unha ocasión moi clara pero o balón non entrou ao fondo das mallas do porteiro valencianista.

A xente cada vez apoiaba máis ao equipo e este cada vez xogaba mellor aínda que sen marcar o tan desexado gol que tanta falta lle facía. Houbo numerosas ocasións por parte do equipo local pero acababan nas mans do porteiro ou saían por moi pouco fóra da portaría. E así se chegou ao descanso co equipo coruñés virtualmente descendido.

Comezou a segunda parte ao igual que como o fixera no final da primeira con moitas ocasións para os locais, corrían os minutos e a xente empezaba a temerse o peor, pero seguían apoiando ao equipo deportivista.

Nunha ocasión fallada por un xogador blanquiazul que acabou petando na madeira do poste de dez centímetros que ten. A xente non daba creto e mesmo os xogadores deportivistas lle pedían ao porteiro que deixara entrar algunha, pero non había maneira e os minutos seguían pasando e corría xa o minuto noventa e tres cando Soldado un dianteiro recién incorporado na segunda parte, marcaba o segundo, e as emocións dispersáronse no estadio cando o arbitro asubiu o final. O equipo coruñés acababa de descender a segunda división despois de vinte anos pero pese a iso a xente non se deu por vencida e apoiou aos xogadores que deron a cara ao final do encontro, e saíron ao campo a agradecerlle á xente todo o esforzo por asistir ao encontro e por animalos ata o final.

Nelson Gestal 2ºA

